

## SUMARIO\*

*\*Todos os textos das disposicións son consolidados salvo que se indique o contrario.*

### I. PROXECTO DE LEI

- Proxecto de lei de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario .10/PL-000017 (52558). [BOPG núm. 507, 18-7-19.](#)

### II. NORMATIVA

#### Normativa de Galicia

- [Lei 9/2010](#), do 4 de novembro, de augas de Galicia.
- [Resolución do 14 de setembro de 2011](#), da Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias, pola que se ordena a publicación do acordo da Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia en relación coa Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.
- [Decreto 32/2012](#), do 12 de xaneiro, polo que se aproba o Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia.
- [Decreto 136/2012](#), do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de deputación de augas residuais
- [Decreto 141/2012](#), do 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento marco do Servizo Público de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia.
- [Decreto 59/2013](#), do 14 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, en materia de execución e explotación de infraestruturas hidráulicas .
- [Decreto 1/2015](#), do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da planificación en materia de augas de Galicia e se regulan determinadas cuestións en desenvolvemento da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.
- [Decreto 53/2014](#), do 16 de abril, de ordenación da Inspección de Servizos Sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia.

- [Plan de seca da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa](#) aprobado por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 1 de agosto de 2013.
- [Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa 2015-2021.](#)
- [Documentos iniciais do terceiro ciclo de planificación hidrolóxica \(período 2021-2027\) da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa.](#)

### **Normativa estatal**

- [Lei 10/2001](#), do 5 de xullo, do Plan Hidrolóxico Nacional. Artigo 27: Xestión das secas.
- [Real Decreto 140/2003, do 7 de febreiro](#), polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano.
- [Lei 21/2013](#), do 9 de decembro, de avaliación ambiental. Artigo 6: Ámbito de aplicación da avaliación ambiental estratéxica.
- [Real Decreto 1/2016](#), de 8 de xaneiro, polo que se aproba a revisión dos Planes Hidrolóxicos das demarcacións hidrográficas do Cantábrico Occidental, Guadalquivir, Ceuta, Melilla, Segura e Júcar, e da parte española das demarcacións hidrográficas do Cantábrico Oriental, Miño-Sil, Duero, Tajo, Guadiana e Ebro.
- [Orde TEC/1399/2018](#), do 28 de novembro, pola que se aproba a revisión dos plans especiais de seca correspondentes ás demarcacións hidrográficas do Cantábrico Occidental, Guadalquivir, Ceuta, Melilla, Segura e Xúcar; á parte española das demarcacións hidrográficas do Miño-Sil, Douro, Taxo, Guadiana e Ebro; e ao ámbito de competencias do Estado da parte española a demarcación hidrográfica do Cantábrico Oriental.
- [Orde APA/1401/2018](#), do 14 de decembro, pola que se determina o ámbito territorial de aplicación dalgunhas das medidas previstas na Lei 1/2018, do 6 de marzo, pola que se adoptan medidas urxentes para paliar os efectos producidos pola seca en determinadas concas hidrográficas e se modifica o texto refundido da Lei de Augas, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo.
- [Código de augas](#) do BOE.
- [Planes Especiais de Seca vixentes](#)
- [Informes e mapas mensuais](#) de seca e escaseza de auga no ano 2019.
- [Observatorio Nacional da Seca](#)
- [Guía para a elaboración de Plans de emerxencia por seca en sistemas de abastecemento urbano](#)”, elaborada pola Asociación Española de Abastecementos de Auga e Saneamento, en colaboración coa Federación Española de Municipios e Provincias e o Ministerio de Medio Ambiente.
- [Normativa](#) pola que se aproban medidas por episodios de seca.

## **Normativa das comunidades autónomas**

### ANDALUCIA

- [Lei 9/2010, do 30 de xullo](#) , de augas de Andalucía. *Título VII, capítulo II: Prevención de efectos por seca.*

### ARAGÓN

- [Lei 10/2014, do 27 de novembro](#), de augas e ríos de Aragón. *Título VII: Planificación; Título X: Prevención de efectos por inundación, seca e cambio climático.*

### PRINCIPADO DE ASTURIAS

- [Lei 1/1994, do 21 de febreiro](#), sobre abastecemento e saneamento de augas no Principado de Asturias.

### CANARIAS

- [Lei 12/1990, do 26 de xullo](#), de augas. *Título V. Do aproveitamento do dominio público hidráulico. Capítulo VI. Das situacións especiais e de emerxencia.*

### CANTABRIA

- [Lei 2/2014, do 26 de novembro](#), de abastecemento e saneamento de augas da Comunidade Autónoma de Cantabria.

### CASTELA –A MANCHA

- [Lei 12/2002, do 27 de xuño](#), reguladora do ciclo integral da auga. *Título II: Planificación.*

### CATALUÑA

- [Decreto Legislativo 3/2003](#), do 4 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da lexislación en materia de augas de Cataluña.

### MADRID

- [Lei 17/1984, de 20 de decembro](#), reguladora do abastecimento e saneamento de auga na Comunidade de Madrid.

### A RIOXA

- [Lei 5/2000, do 25 de outubro](#), de saneamento e depuración de augas residuais da Rioxa.

## PAIS VASCO

- [Lei 1/2006, do 23 de xuño, de augas](#). Artigo 20. Os obxectivos ambientais nos casos de deterioro temporal do estado das masas de auga.

## IV. XURISPRUDENCIA

### Tribunal Constitucional

- [Sentenza 227/1988](#), 20 29 de novembro.
- [Sentenza 247/2007](#), do 12 de decembro.
- [Sentenza 231/2015](#), do 5 de novembro.

## VI. BIBLIOGRAFÍA

Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.

Última versión

## Modificacións

- Lei 12/2011, do 26 de decembro.
  - Artigo 47 apartado 2.c) nova redacción por artigo 9 apartado un, e apartados 2.d) e 2.e) engadidos por artigo 9 apartado dous.
  - Artigo 61 nova redacción por artigo 9 apartado tres.
  - Artigo 66 apartado 3 nova redacción por artigo 10 apartado un e apartado 4 engadido por artigo 10 apartado dous.
  - Artigo 70 nova redacción por artigo 10 apartado tres.
  - Disposición adicional primeira apartado 1 derrogado por disposición derogatoria única apartado catro.
  - Disposición adicional cuarta derrogada por disposición derogatoria única apartado catro.
  - Disposición adicional quinta derrogada por disposición derogatoria única apartado catro.
  - Disposición adicional sétima derrogada por disposición derogatoria única apartado catro.
  - Disposición adicional décimo cuarta nova redacción por artigo 11.
  - Disposición transitoria sétima engadida por artigo 10 apartado catro.
- Lei 2/2013, do 27 de febreiro.
  - Artigo 63 apartado 7 nova redacción por artigo 68.
- Lei 11/2013, do 26 de decembro.
  - Artigo 53 apartados 2 e 3 nova redacción por artigo 64 apartado un.
  - Artigo 55 apartado 2 nova redacción por artigo 64 apartado dous.
  - Artigo 56 apartado 3 nova redacción por artigo 64 apartado tres.
  - Artigo 57 apartados 2, 3 e 6 nova redacción por artigo 64 apartado catro.
  - Artigo 58 apartados 2 e 3 nova redacción por artigo 64 apartado cinco.



Artigo 59 apartados 2 e 3 nova redacción por artigo 64 apartado seis.

Artigo 60 apartados 2, 3 e 4 nova redacción por artigo 64 apartado sete.

Artigo 61 apartados 2, 3, 4 e 5 nova redacción por artigo 64 apartado oito e apartado 6 engadido por artigo 64 apartado nove.

Disposición transitoria segunda apartado 4 engadido por disposición derradeira primeira.

- Lei 12/2014, do 22 de decembro.
  - Artigo 39 nova redacción por artigo 43.
  - Artigo 53 apartado 8 engadido por artigo 8.
- Lei 13/2015, do 24 de decembro.
  - Artigo 28 apartado 1 nova redacción por artigo 18.
  - Artigo 47 apartado 2.e) nova redacción por artigos 6 e 19.
  - Artigo 32 apartado 1 nova redacción por artigo 20.
- Lei 2/2017, do 8 de febreiro.
  - Artigo 59 alinea 3 modificada por artigo 4.
- Lei 5/2017, do 19 de outubro.
  - Artigo 29 apartado 3 nova redacción por disposición derradeira oitava.
- Lei 3/2018, do 26 de decembro.
  - Artigo 71 apartado 3 engadido por artigo 9 apartado un.
  - Artigo 72 nova redacción por artigo 9 apartado dous.
  - Artigo 73 nova redacción por artigo 9 apartado tres.
  - Artigo 74 nova redacción por artigo 9 apartado catro.

## Preámbulo

Galicia conta, ademais de cun territorio integrado en concas hidrográficas de xestión do Estado, cunha propia conca hidrográfica integramente incluída no seu territorio, coñecida como Galicia-Costa. No ámbito territorial desta conca, a Comunidade Autónoma de Galicia dispón de competencia exclusiva (artigo 27º.12 do Estatuto de autonomía) e, polo tanto, co axeitado fundamento xurídico de acadar unha regulación que responda aos seus propios intereses. Neste senso, a Comunidade Autónoma levou a cabo ata o momento unha tarefa de regulación en materia de augas, aínda que as normas ditadas se centraron fundamentalmente no plano organizativo.

Por outro lado, a política de augas require tamén das infraestruturas imprescindibles para levala a cabo. A política de augas de Galicia oriéntase fundamentalmente a dar satisfacción á cidadanía



nas súas necesidades de auga potable de calidade, o que implica asemade a depuración e o saneamento das residuais que resulten do consumo urbano. A consecuencia é a necesidade de dispoñer de sistemas eficaces de abastecemento (o cal inclúe adución, potabilización e distribución) e de depuración e saneamento de augas residuais (o cal inclúe redes de sumidoiros, colectores, depuradoras e conducións de vertedura). Todo iso explica un esforzo continuado, e que deberá proseguir, de construción e mantemento de infraestruturas, para o que se requiren os recursos financeiros e económicos suficientes. Diso deriva a necesidade de dispoñer dun marco xurídico que regule un sistema tributario mediante o cal os beneficiarios dos servizos de abastecemento e de depuración cooperen á súa construción e ao seu mantemento.

Asemade, na política medioambiental son cada vez máis normas con orixe supranacional as que determinan o contido dos dereitos e das obrigas da cidadanía, o que é o mesmo que dicir as competencias e a maneira de as exercer dos poderes públicos. Non sucede de xeito distinto ao indicado no ámbito da auga, no que, en particular, o dereito comunitario ten unha relevancia crecente de día en día. E trátase dun dereito comunitario que presenta, ademais, exixencias moi específicas no ámbito dos obxectivos ambientais por acadar e das técnicas axeitadas para iso; moitas veces enmarcadas as súas decisións pola afirmación de dereitos dos cidadáns e das cidadás á información e á participación na formación das decisións públicas, como demostra a Directiva 2000/60/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas. Esta directiva xa foi obxecto de sucinta transposición ao ordenamento xurídico español polo artigo 129 da Lei 62/2003, pero debe así mesmo quedar reflectida nesta lei.

Deste xeito resúmense os motivos que impulsan esta lei, aos que se debe engadir a convicción de que desta maneira se coopera á prestación do mellor servizo á cidadanía no marco da consecución da eficacia, principio constitucional que ha ser directriz da actuación de todas as administracións públicas (artigo 103<sup>o</sup>.1 da Constitución española).

Estatutariamente, a maiores do xa mencionado artigo 27<sup>o</sup>.12<sup>o</sup>, cómpre ter en conta outros títulos xurídicos que serven para avalar o contido da lei. Así e no tocante ás normas de creación e organización da Administración hidráulica de Galicia, a entidade Augas de Galicia, o artigo 28<sup>o</sup>.1 do Estatuto de autonomía, que lle atribúe a esta comunidade a competencia de desenvolvemento lexislativo e execución da lexislación do Estado no relativo ao «réxime xurídico da Administración pública de Galicia e réxime estatutario dos seus funcionarios», así como o seu artigo 39<sup>o</sup>: «Correspóndelle á Comunidade Autónoma a creación e estruturación da súa propia Administración pública, dentro dos principios xerais e normas básicas do Estado». Polo que respecta ao réxime económico-financeiro previsto nesta lei, coa creación do canon da auga, o seu fundamento reside no artigo 44 do Estatuto de autonomía de Galicia.

Esta lei consta de noventa e tres artigos, divididos en sete títulos, con catorce disposicións adicionais, seis disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras, así como tres anexos. As rúbricas dos títulos fan referencia a «Disposicións de carácter xeral» (título I, artigos 1<sup>o</sup>-6<sup>o</sup>), «Da Administración hidráulica de Galicia» (título II, artigos 7<sup>o</sup>-23<sup>o</sup>), «Do abastecemento de poboacións e do saneamento e a depuración das augas residuais» (título III, artigos 24<sup>o</sup>-39<sup>o</sup>), «Da política de recuperación dos custos dos servizos» (título IV, artigos 40<sup>o</sup>-74<sup>o</sup>), «Da planificación hidrolóxica» (título V, artigos 75<sup>o</sup>-79<sup>o</sup>), «Do réxime especial de protección da calidade das augas das rías de Galicia» (título VI, artigos 80<sup>o</sup>-83<sup>o</sup>) e «Do réxime de infraccións e sancións» (título VII, artigos 84<sup>o</sup>-93<sup>o</sup>).





O título I (artigos 1º a 6º) dedícase a fixar o obxecto e a finalidade da lei (artigo 1º), levar a cabo unha serie de definicións (artigo 2º), construír os principios de actuación da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de auga e obras hidráulicas (artigo 3º), enumerar as competencias desta Comunidade (artigo 4º) e dos entes locais (artigo 5º) e a especificar cales son as demarcacións hidrográficas en Galicia (artigo 6º).

Os dous primeiros preceptos teñen unha clara vocación instrumental ou auxiliar en relación co conxunto da lei e coa súa lectura e interpretación. O artigo dedicado á enumeración dos principios de actuación da Comunidade Autónoma (artigo 3º) pretende situar esta actuación dentro do conxunto do que xenericamente, pero con fórmula ben acertada no concreto da súa descrición, veu en chamarse o desenvolvemento sustentable. Ante todo, a auga é un recurso natural e, polo tanto, débese aplicar ao seu aproveitamento o principio xeral de utilización racional dos recursos naturais ao que se refire o artigo 45 da Constitución española, sintonizando tamén coa devandita Directiva 2000/60/CE. Por outra parte, tamén se deixa claramente sentado o respecto á unidade de conca como territorio no que levar a cabo a xestión das augas, o que implica a existencia dunha previa planificación hidrolóxica, así como o papel que ten que ter a participación dos cidadáns e das cidadás e das persoas usuarias na xestión da auga.

Canto á regulación das competencias de Galicia (artigo 4º), son as cuestións das augas e obras hidráulicas as de tratamento xeral, ás que se engaden as obrigadas mencións á planificación, a organización e a relación coas comunidades de persoas usuarias incluídas nas concas internas; namentres que nas concas atribuídas á xestión do Estado as competencias da Comunidade Autónoma se moven fundamentalmente no plano da participación na adopción de decisións, sen prexuízo da posibilidade de adopción de medidas adicionais de protección dos recursos hídricos e dos ecosistemas acuáticos (artigo 27º.30 do Estatuto de autonomía). As competencias da Comunidade Autónoma non se esgotan coas mencionadas, senón que se deberán engadir as que teña no plano do abastecemento e o saneamento e no marco do réxime económico-financeiro.

Regula tamén o texto legal as competencias dos entes locais (artigo 5º) e faino mediante a referencia expresa ao que indica a lexislación básica en materia de réxime local: mencións, entón, ao abastecemento de auga potable ou á rede de sumidoiros, ao tratamento de augas residuais e ao seu control sanitario, demostrando deste xeito a lei a súa vontade de respecto aos principios fundamentais do ordenamento xurídico, entre eles o principio constitucional de autonomía municipal.

Conclúe o título I cunha enumeración das demarcacións hidrográficas en Galicia, como concepto proveniente da Directiva 2000/60/CE e como expresión dos ámbitos territoriais diferenciados nos que se poderán desenvolver as competencias e as técnicas de intervención reguladas na lei.

En canto ao título II, en Galicia o aparato organizativo en materia de augas e obras hidráulicas estivo ata agora constituído polo organismo autónomo de carácter administrativo Augas de Galicia e a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, ambas as dúas creadas pola Lei 8/1993, reguladora da Administración hidráulica de Galicia. Esta lei pretende rematar con esta dicotomía organizativa, insuficientemente fundamentada, e para iso créase a entidade Augas de Galicia como ente público da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, con personalidade xurídica e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins e competencias, co que se dispón a supresión daquelas dúas entidades.





A natureza de entidade de dereito público para Augas de Galicia (artigo 9º) busca outorgarlle as máximas posibilidades e flexibilidade de funcionamento. Iso leva como consecuencia que a entidade axustará regularmente a súa actuación ao dereito privado, agás as excepcións que prevé esta lei. Trátase, xa que logo, da regulación dunha entidade de dereito público das referidas no artigo 12º do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro. Aquela estará adscrita á consellaría que en cada momento dispoña das competencias en materia de augas.

No que se refire a competencias, a vontade da lei é facer da entidade Augas de Galicia a administración única e ordinaria da política de augas en Galicia (descontando, obviamente, a que lles corresponda nas conca intercomunitarias aos órganos do Estado), atribuíndolle (artigo 11º) as competencias xerais que no ámbito das augas e as obras hidráulicas foron establecidas no título I, e engadindo as competencias propias da política de abastecemento e de saneamento, así como a intervención na planificación territorial e urbanística que lle corresponde á Administración da Comunidade Autónoma. Faise tamén unha particular mención no ámbito das verteduras coa referencia das competencias da nova entidade, que, en xeral, lles confire a lexislación aplicable nesta materia aos organismos de conca.

Canto á organización de Augas de Galicia, o seus órganos de goberno son a presidencia, o consello de administración e a dirección, e como órgano de participación o Consello para o Uso Sustentable da Auga. A presidencia será desempeñada pola persoa titular da consellaría competente en materia de augas. O consello de administración é, ademais dun órgano de goberno, aquel no que se fai visible unha participación das persoas usuarias e das entidades locais. E a dirección é órgano de goberno e ordinario de execución das funcións administrativas de Augas de Galicia. Por outra banda, o Consello para o Uso Sustentable da Auga é o órgano de participación das distintas entidades públicas e privadas con competencias e intereses vinculados á auga así como dos cidadáns e das cidadás de Galicia (artigo 16º). Desenvolve as súas actividades fundamentais no ámbito da planificación hidrolóxica e, en xeral, ten recoñecidas facultades informativas e de proposta.

O título III da lei dedícase á regulación das políticas de abastecemento e de saneamento que deberán desenvolver a Administración da Comunidade Autónoma a través de Augas de Galicia e as entidades locais. Esas políticas teñen o fundamento claro (artigo 24º) de garantir a subministración de auga en cantidade e calidade axeitada a todos os núcleos de poboación legalmente constituídos no marco do que indique a planificación hidrolóxica aplicable (no caso do abastecemento), e contribuír a acadar o bo estado ecolóxico das augas e dos seus ecosistemas asociados mediante o cumprimento dos obxectivos que nesta materia fixe a lexislación aplicable (no caso do saneamento e da depuración de augas residuais).

Trátase aquí das competencias da Comunidade Autónoma en materia de abastecemento e de saneamento (artigo 26º); entre elas faise referencia á elaboración dos instrumentos de planificación regulados no mesmo título III, así como á elaboración e a aprobación dos proxectos de obras e á súa execución cando se trate de actuacións declaradas de interese da Comunidade Autónoma de Galicia. En correspondencia coas competencias da Comunidade Autónoma, regúlanse as das entidades locais (artigo 27º), onde, de novo, a mención aos conceptos da lexislación básica de réxime local é imprescindible como punto de partida da regulación dunhas funcións específicas, entre as que se contan os proxectos de obra da súa competencia e a súa execución así como a explotación dos seus servizos.



Cabe destacar a declaración de interese da propia Comunidade Autónoma (artigo 28º), que abrangue a xeneralidade das actuacións previstas na planificación de abastecemento e de saneamento, comprendendo integramente o servizo de depuración de augas residuais urbanas. Esa declaración significa a asunción de competencias sobre elas, o que arrastra facultades de elaboración e execución de proxectos e ten consecuencias financeiras tamén. Diso deriva a regulación do réxime xurídico das obras de interese da Comunidade Autónoma, en consonancia coa normativa vixente sobre esta materia. Na disposición adicional oitava esténdense eses efectos a outras obras hidráulicas para os efectos de garantir un tratamento homoxéneo, como, por exemplo, no caso de actuacións urxentes que non foran incluídas na planificación.

A lei contén tamén disposicións específicas no ámbito do abastecemento e o saneamento, entre as que se deben sinalar moi especialmente as facultades de regulamentación xeral de ambos os servizos -como técnica harmonizadora das ordenanzas locais- e as da súa correspondente planificación. Para eses efectos establécense dous instrumentos básicos de planificación: o Plan xeral galego de abastecemento e o Plan xeral galego de saneamento, cuxo contido mínimo se atopa especificado nos artigos 36º e 37º, respectivamente.

No título IV asúmese o principio comunitario de recuperación de custos dos servizos relacionados coa auga (artigo 9º da directiva marco) por parte de todas as administracións intervenientes no ciclo da auga (artigo 40º). Galicia faíno mediante a creación do canon da auga, como tributo propio afectado aos programas de gasto da Comunidade Autónoma de Galicia en materia do ciclo da auga, como se sinala no artigo 44º da lei, e coa do coeficiente de vertedura a sistemas de depuración, como taxa específica para a prestación deste servizo por parte da Administración hidráulica de Galicia.

O novo réxime económico-financeiro queda informado polos principios de suficiencia financeira, recuperación dos custos dos servizos relacionados coa auga, practicabilidade, solidariedade intraterritorial e xustiza tributaria. En relación co contido destes principios débese indicar, en primeiro lugar e verbo do principio de suficiencia financeira, que cómpre buscar a sustentabilidade do sistema, de xeito que teña capacidade real de dar cobertura aos programas de gastos executados pola Comunidade Autónoma de Galicia no que respecta ao ciclo da auga. Inmediatamente relacionado co anterior principio atópase o de recuperación de custos, cuxos últimos fundamentos se deben buscar, como xa foi adiantado, na Directiva marco da auga. O canon da auga tende ao sostemento de programas de gasto que son ineludibles e que en España están asumindo as comunidades autónomas en canto que son da súa competencia. Sen fórmulas realistas que permitan a recuperación dos custos sobre aqueles que se benefician destes programas, as políticas non terán a oportunidade de se despregar en toda a súa potencialidade.

Enumérase como un terceiro principio o de practicabilidade, en función da execución real de competencias por cada nivel de goberno e ofertando moita claridade no tocante ás relacións entre os diversos instrumentos económicos propios de cada unha das administracións afectadas. Supérase así a concepción estritamente finalista do canon de saneamento creado pola Lei 8/1993, de xeito que o canon da auga é una figura que, por se configurar cunha certa independencia das accións concretas de depuración das augas residuais, pode convivir coas taxas locais, prevéndose, iso si, o establecemento dun coeficiente específico destinado á recuperación dos custos asumidos pola Comunidade Autónoma pola prestación directa do servizo de depuración, declarado de interese de Galicia.



A razón de ser entre o canon e o coeficiente de vertedura a sistemas de depuración é dobre: por unha banda, esa dualidade serve para recuperar os custos medioambientais aos que se refire a Directiva marco da auga e, por outra, para permitir a realización de principios como o de solidariedade intraterritorial e o de xustiza. O principio de solidariedade intraterritorial pretende, respectando o exercicio das súas competencias por aqueles entes locais que queren e son capaces de as levar a cabo, que a Comunidade Autónoma exerza a súa responsabilidade de acometer accións en áreas nas que outras fórmulas non son sustentables: alí onde actúe a Comunidade Autónoma as tarifas que exixirá polos servizos prestados ás persoas usuarias serán uniformes.

Di a Constitución española que todos contribuirán ao sostemento dos gastos xerais mediante un sistema tributario xusto, acentuando a relevancia do principio de capacidade económica como criterio básico que define a capacidade de contribuír e mencionando ademais a igualdade e a progresividade como principios básicos da fiscalidade. Pois ben, a lei quere estender o ámbito de aplicación das medidas fiscais da Comunidade Autónoma sobre as persoas usuarias da auga que ata agora se atopaban excluídas delas. A repartición que se efectúa entre os colectivos de persoas usuarias, fundamentada no volume da auga usada ou consumida pero tamén na contaminación real ao medio líquido, reflicte axeitadamente a capacidade de contribuír de cada un.

A definición positiva do aspecto material do elemento obxectivo do feito impositivo do canon fai referencia ao uso e ao consumo real ou potencial da auga con calquera finalidade, por razón da súa potencial afección ao medio (artigo 45º.1 da lei), co que se lle está a dar paso ao cumprimento dos mencionados principios da directiva marco, sen prexuízo do establecemento dunha serie de usos exentos ou non suxeitos, segundo os casos, como os usos da auga por entidades públicas para a alimentación de fontes, bocas de rega de parques e xardíns e máis limpeza de rúas, os usos feitos polos servizos públicos de extinción de incendios e, en xeral, o abastecemento en alta doutros servizos públicos de distribución de auga potable. Son supostos que habitualmente aparecen nas figuras impositivas autonómicas que recaen sobre a auga e se xustifican no interese social dos referidos usos. Tamén se declaran non suxeitos os usos agrícolas, forestais e gandeiros, aínda que se introduce unha excepción para aqueles casos nos que exista contaminación especial ou ben no caso de que se produzan verteduras ás redes públicas de saneamento.

Canto aos obrigados tributarios (artigo 46º), a lei considera suxeitos pasivos a título de contribuíntes aos que usen a auga. Pero, no suposto de abastecemento de auga por entidade subministradora, tómanse por suxeitos pasivos a título de substitutos do contribuínte ás propias entidades subministradoras, segundo vén sendo tamén técnica habitual nestes tributos.

No que respecta á cuantificación do canon para as persoas usuarias domésticas (artigos 52º a 54º), está previsto que a cota do canon resultará da adición dunha parte fixa e dunha parte proporcional polo consumo efectivo. A novidade reside na tributación por tramos de consumo e en función do número de residentes en cada vivenda, o cal non constitúe senón unha plasmación dun dos obxectivos básicos xa proclamados na lei, como é a incentivación ao aforro da auga e ao consumo responsable. Neste senso, e para evitar que nun período inicial de aplicación do tributo un contribuínte doméstico poida quedar sometido a unha tarifa que non lle corresponde de acordo



co número de habitantes da vivenda, na disposición adicional décimo terceira establécese unha norma específica a este respecto. Cómpre ter en conta que da cota íntegra así calculada pode practicarse a dedución do 50% para as familias numerosas.

No que respecta aos usos non domésticos, o seus elementos de cuantificación atópanse nos artigos 55º e 56º da lei. A base imponible coincidiría coa prevista para os usos domésticos (prevese doutra banda o suposto de concesións de uso ou captacións propias, en cuxo caso o volume será o autorizado ou concedido ou captado), pero o tipo de gravame difire, como é lóxico. Este non é soamente máis elevado, senón que se establece a posibilidade -aplicable tanto de oficio coma por instancia de parte- de que sexa afectado por un coeficiente corrector de carácter complexo, que toma en consideración a contaminación producida, a relación entre o volume consumido e o volume vertido, así como o uso da auga e o medio receptor, mediante a aplicación de fórmulas específicas.

Finalmente, especialízase o gravame correspondente a certas actividades singulares: usos de refrixeración, usos non consuntivos de produción de enerxía hidroeléctrica, actividade termal e balnearia e máis instalacións deportivas, fixándose tipos de gravame máis reducidos que os previstos para os usos industriais, á vista das características das explotacións. Canto aos usos de produción de enerxía hidroeléctrica prevese un sistema alternativo de determinación obxectiva da cota en función do réxime ordinario ou especial de produción de enerxía.

Atópase regulado (artigos 66º a 70º) o xa mencionado coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais, como taxa destinada concretamente a atender os gastos derivados da asunción como servizo de interese da Comunidade Autónoma de Galicia, da depuración de augas residuais urbanas, e cuxa aplicación se restrinxe a aqueles municipios nos que efectivamente a Administración hidráulica de Galicia estea prestando aquel servizo, coa consecuencia, por unha parte, de que o suxeito pasivo beneficiario do servizo se atopa sometido a un novo tributo, pero, por outra, que no devandito ámbito territorial deixan de se aplicar as taxas municipais por ese concepto que estiveran vixentes.

Neste título inclúese tamén un capítulo específico referido ao réxime sancionador aplicable no ámbito tributario (artigos 71º a 74º), separado do réxime sancionador xeral aplicable en materia de dominio público hidráulico e marítimo-terrestre, contido no título VII. Finalmente cómpre mencionar a disposición adicional décimo cuarta, que recolle a posibilidade de anulación de débedas de recadación antieconómica, en liña coa norma xeral xa establecida para o resto de tributos da Xunta de Galicia.

O título V é breve, pois só ten cinco artigos (75º-79º), dado que non se pretendeu regular por enteiro a institución da planificación hidrolóxica senón, soamente, aqueles principios que serven para facilitar a regulación da planificación hidrolóxica propia de Galicia, é dicir, a relativa á Demarcación Hidrolóxica de Galicia-Costa, e, igualmente, para conter algúns principios relativos á participación de Galicia na elaboración da planificación hidrolóxica das demarcacións hidrolóxicas correspondentes a concas intercomunitarias. Por iso o texto límitase a lembrar determinados principios, como o da participación pública, centrando no Consello para o Uso Sustentable da Auga as competencias máis importantes nesa materia. Igualmente preocúpalle á lei a regulación dos contidos dos programas de medidas e os efectos dos instrumentos de planificación, cuestión singularmente importante no relativo aos plans urbanísticos e de ordenación do territorio.



Ben que un dos propósitos da lei consiste en actualizar a vixente normativa en materia de augas e obras hidráulicas de Galicia, e que, polo tanto, nela se derrogan expresamente tanto a Lei 8/1993, reguladora da Administración hidráulica de Galicia, coma a Lei 8/2001, de protección da calidade das augas das rías de Galicia e de ordenación do servizo público de depuración de augas residuais urbanas, malia isto, considerouse conveniente o mantemento dos preceptos desta última lei referidos a un ámbito tan propio e específico de Galicia como son as súas rías, cuxas masas de auga deben seguir sendo obxecto de especial protección. A iso dedícase o título VI do proxecto, o cal recolle aqueles preceptos ata agora vixentes, actualizando, porén, os seus anexos referidos aos obxectivos de calidade e aos valores límite de emisión, por efecto da aplicación de novas normas relativas á calidade das augas mariñas.

O último dos títulos da lei (o VII) dedícase a regular o réxime de infraccións e sancións (artigos 84º- 93º). Un dos problemas que se deben resolver é o ámbito de aplicación deste réxime tendo en conta a ampla tipificación de infraccións que debe facerse, correspondente, igualmente, á amplitude das competencias da Comunidade Autónoma e que xogan necesariamente, ademais, de diverso xeito nas concas intercomunitarias (de xestión do Estado) e na intracomunitaria de xestión da Comunidade Autónoma. Por iso o artigo 84º.3 fai a correspondente advertencia de que nas concas intercomunitarias se aplicarán só as infraccións e as sancións relativas ao ámbito do abastecemento, o saneamento e a depuración de augas residuais, en consonancia coas competencias da Comunidade Autónoma de Galicia nelas.

Polo demais, o criterio fundamental para distinguir entre as infraccións leves, graves ou moi graves é o do dano que, hipoteticamente, se poida causar coa comisión da infracción; criterio do dano que tamén se ten en conta para os efectos de graduar o importe da sanción (artigos 85º e 86º). Aínda que non sempre é necesaria a concorrencia deste elemento para integrar o tipo do ilícito, como, por exemplo, sucede coas verteduras ilegais de augas residuais cando se consideren infraccións leves.

A lei dedica unha atención especial á reparación do dano causado e á reposición das cousas ao seu estado primitivo (artigo 87º), aspectos que poden ser materialmente tan importantes coma a mesma tipificación da infracción e a determinación da sanción aplicable. Igualmente hai un apoderamento referido á potestade sancionadora das entidades locais (artigo 92º), o cal servirá para a configuración das correspondentes ordenanzas locais e facilitará o cumprimento do principio de legalidade.

Entre as disposicións adicionais do proxecto, merecen ser destacadas aquelas que regulan o proceso de entrada en funcionamento de Augas de Galicia e o da integración nesta do persoal ao servizo da actual Administración hidráulica de Galicia (disposicións primeira a sétima). Procurouse establecer aquí un réxime sinxelo de sucesión tanto institucional coma persoal, determinando concretamente as etapas que se han seguir ata a efectiva entrada en funcionamento de Augas de Galicia como entidade pública e regulando os diferentes réximes de integración do persoal en función da súa diversa procedencia.

Polo seu lado, as disposicións adicionais décimo primeira e décimo segunda proveñen da Lei 8/2001 e deben manterse.

O réxime transitorio refírese fundamentalmente á vixencia da actual planificación de actuacións de abastecemento e de saneamento, así como, loxicamente, ao vixente réxime económico-financeiro





do canon de saneamento, o cal seguirá a recadarse mentres tanto non entren en vigor as normas regulamentarias que, para a aplicación do canon da auga, exige esta lei.

O anteproxecto desta lei foi sometido ao preceptivo ditame do Consello Económico e Social de Galicia, que o emitiu na data do 12 de maio de 2010.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13º.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24º da Lei 1/1983, do 23 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, promulgo en nome de El-Rei a Lei de augas de Galicia.

## TÍTULO I DISPOSICIÓNS DE CARÁCTER XERAL

### Artigo 1º.-Obxecto e finalidade da lei.

1. Esta lei ten por obxecto:

- a) Ordenar as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia e dos entes locais galegos en materia de auga e obras hidráulicas.
- b) Regular a organización e o funcionamento da Administración hidráulica de Galicia.
- c) Ordenar o ciclo integral da auga de uso urbano e establecer as bases para unha xestión eficiente dos servizos de abastecemento, de saneamento e de depuración.
- d) Regular as bases do exercicio da planificación hidrolóxica en Galicia.
- e) Establecer o réxime económico-financeiro da auga en Galicia co obxectivo de preservar, protexer e mellorar o recurso e o medio hídrico.
- f) Regular o réxime de infraccións e sancións.

2. Esta lei ten por finalidade garantir as necesidades básicas de uso de auga da poboación, favorecendo o desenvolvemento económico e social da Comunidade Autónoma de Galicia e compatibilizándoo coa preservación do bo estado dos ecosistemas acuáticos e dos ecosistemas terrestres asociados.

3. As augas minerais e termais regularanse pola súa propia lexislación.

### Artigo 2º.-Definicións.

Para os efectos desta lei, enténdese por:

1. Acuífero: unha ou máis capas subterráneas de rocha ou doutros estratos xeolóxicos suficientemente porosos e permeables para permitiren xa sexa un fluxo significativo de augas subterráneas ou a extracción de cantidades significativas de augas subterráneas.



2. Augas continentais: todas as augas na superficie do solo e todas as augas subterráneas que se encontran cara á terra desde a liña que serve de base para medir a largura das augas territoriais.
3. Augas costeiras: as augas de superficie que se encontran cara á terra desde unha liña cuxa totalidade de puntos se atopa a unha distancia dunha milla náutica mar adentro desde o punto máis próximo da liña de base que serve para medir a largura das augas territoriais e que se estenden, de ser o caso, ata o límite exterior das augas de transición.
4. Augas de transición: as masas de auga de superficie próximas á desembocadura dos ríos que son parcialmente salgadas como resultado da súa proximidade ás augas costeiras, pero que reciben unha notable influencia de fluxos de auga doce.
5. Augas subterráneas: todas as augas que se encontran baixo a superficie do solo na zona de saturación e en contacto directo co solo ou co subsolo.
6. Augas de superficie: as augas continentais, con excepción das augas subterráneas, as augas de transición e as augas costeiras, e, no que se refire ao estado químico, tamén as augas territoriais.
7. Bo estado cuantitativo: o estado definido no cadro 2.1.2 do anexo V da Directiva 2000/60/CE.
8. Bo estado das masas de augas subterráneas: o estado acadado por unha masa de augas subterráneas cando tanto o seu estado cuantitativo coma o seu estado químico son, polo menos, «bos».
9. Bo estado das augas de superficie: o estado acadado por unha masa de augas de superficie cando tanto o seu estado ecolóxico coma o seu estado químico son, polo menos, «bos».
10. Bo estado ecolóxico: o estado dunha masa de augas de superficie, que se clasifica como tal consonte as disposicións pertinentes do anexo V da Directiva 2000/60/CE.
11. Bo estado químico das augas subterráneas: o estado químico acadado por unha masa de augas subterráneas que cumpre todas as condicións establecidas no cadro 2.3.2 do anexo V da Directiva 2000/60/CE.
12. Bo estado químico das augas de superficie: o estado químico necesario para cumprir os obxectivos medioambientais para as augas de superficie establecidos na letra a) da alínea 1 do artigo 4º da Directiva 2000/60/CE, ou sexa, o estado químico acadado por unha masa de augas de superficie na que as concentracións de contaminantes non superan as normas de calidade medioambiental establecidas no anexo IX e consonte a alínea 7 do artigo 16º da Directiva 2000/60/CE, así como en virtude doutra normativa que fixe normas de calidade medioambiental que lle sexan aplicables.
13. Captación propia: é a realizada polas persoas usuarias sen utilizar redes de subministración municipal ou supramunicipal.





14. Captación subterránea e captación de superficie: denomínanse así en función de que a orixe do recurso se encontre ou non baixo a superficie do solo, independentemente de que se trate de augas continentais, de transición ou litorais.

15. Caudal ecolóxico ou ambiental: aquel caudal ou, de ser o caso, volume de recurso hídrico que é capaz de manter o funcionamento, a composición e a estrutura que os ecosistemas acuáticos presentan en condicións naturais.

16. Ciclo da auga: é o conxunto de actividades que conforman os servizos relacionados co uso doméstico da auga nos núcleos de poboación e que comprenden:

a) O abastecemento de auga en alta ou adución, que inclúe a captación, o nacemento e a represa dos recursos hídricos e a súa xestión, incluído o tratamento de potabilización, o transporte por arterias principais e o abrollamento en depósitos reguladores de cabeceira dos núcleos de poboación.

b) A subministración da auga en baixa ou distribución, que inclúe o almacenamento intermedio e a subministración de auga potable ata as instalacións propias para o consumo por parte das persoas usuarias finais.

c) A recollida de augas residuais ou da rede de sumidoiros dos núcleos de poboación a través das redes municipais ata o punto de intercepción cos colectores xerais.

d) A intercepción e o transporte das augas residuais a través dos colectores xerais.

e) O tratamento e a depuración das augas residuais.

f) A condución do efluente ao medio receptor.

17. Contaminación: a introdución directa ou indirecta, como resultado da actividade humana, de substancias ou de calor na atmosfera, na auga ou no solo que poidan ser prexudiciais para a saúde humana ou para a calidade dos ecosistemas acuáticos, ou dos ecosistemas terrestres que dependen directamente dos ecosistemas acuáticos, e que causen danos aos bens materiais ou que deterioren ou dificulten o gozo e outros usos lexítimos do medio ambiente.

18. Contaminante: calquera substancia que poida causar contaminación, en particular as substancias enumeradas no anexo VIII da Directiva 2000/60/CE.

19. Conca hidrográfica: a superficie de terreo cuxo escorremento de superficie flúe na súa totalidade a través dunha serie de correntes, ríos e, eventualmente, lagos cara ao mar por unha única desembocadura, estuario ou delta.

20. Demarcación hidrográfica: a zona mariña e terrestre composta por unha ou varias concas hidrográficas e polas augas subterráneas, de transición e costeiras asociadas ás devanditas concas.

21. Entidades subministradoras de auga: as persoas físicas e xurídicas de calquera natureza que, mediante instalacións de titularidade pública ou privada, ben sexa con carácter oneroso ou



gratuito, efectúen unha subministración en baixa de auga, con independencia de que a súa actividade estea ao abeiro dun título administrativo de prestación de servizo.

22. Estado cuantitativo: unha expresión do grao no que unha masa de augas subterráneas é afectada polas extraccións directas ou indirectas.

23. Estado das augas subterráneas: a expresión xeral do estado dunha masa de augas subterráneas, determinado polo peor valor do seu estado cuantitativo e do seu estado químico.

24. Estado das augas de superficie: a expresión xeral do estado dunha masa de augas de superficie, determinado polo peor valor do estado ecolóxico e do seu estado químico.

25. Estado ecolóxico: unha expresión da calidade estrutural e funcional dos ecosistemas acuáticos asociados ás augas de superficie, que se clasifica consonte o anexo V da Directiva 2000/60/CE.

26. Lago: unha masa de auga continental superficial quieta.

27. Masa de auga artificial: unha masa de augas de superficie creada pola actividade humana.

28. Masa de auga moi modificada: unha masa de auga superficial que, como resultado de alteracións físicas producidas pola actividade humana, experimentou un cambio substancial na súa natureza.

29. Masa de augas subterráneas: un volume claramente diferenciado de augas subterráneas nun acuífero ou máis acuíferos.

30. Masa de augas de superficie: unha parte diferenciada e significativa de augas de superficie, como un lago, un encoro, unha corrente, río ou canle, unha parte dunha corrente, río ou canle, unhas augas de transición ou unha faixa de augas costeiras.

31. Obra hidráulica: enténdese por tal as actuacións necesarias para a restauración e a consecución do bo estado ecolóxico das masas de auga, do seu contorno e dos ecosistemas asociados, a construción de bens que teñan natureza inmovible destinada á captación, a extracción, o desalgamento, o almacenamento, a regulación, a conducción, o control e o aproveitamento das augas, así como ao saneamento, a depuración, o tratamento e a reutilización das aproveitadas, e as que teñan como obxecto a recarga artificial de acuíferos, a actuación sobre canles, a corrección do réxime de correntes e a protección fronte a asolagamentos, así como aquelas outras necesarias para a protección do dominio público hidráulico.

32. Redes básicas de abastecemento: o conxunto de instalacións afectadas ao abastecemento de auga en alta, e que inclúen as infraestruturas de captación, potabilización, estacións de bombeo, conducións xerais, depósitos reguladores e outros elementos que, no seu conxunto, sexan susceptibles de levar auga ata os depósitos de cabeceira ou puntos de conexión dun ou máis sistemas urbanos de subministración de auga en baixa, con independencia da súa titularidade e da súa xestión.



1. O Consello Reitor da entidade, de acordo co disposto na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, exerce as seguintes atribucións:

a) O seguimento, a supervisión e o control superior da actuación da entidade e da xestión da persoa titular da dirección.

b) A aprobación dun informe xeral anual da actividade desenvolvida pola entidade e de cantos extraordinarios considere necesarios sobre a súa xestión, coa valoración dos resultados obtidos e a consignación das deficiencias observadas.

c) A aprobación do anteproxecto de orzamentos anuais e da contracción de obrigas de carácter plurianual dentro dos límites que teña fixados.

d) A aprobación das contas anuais e, de ser o caso, a distribución do resultado do exercicio, conforme a lexislación de réxime financeiro e orzamentario da Comunidade Autónoma de Galicia.

e) Aprobar e elevarlle ao Consello da Xunta, a través da consellaría competente en materia de augas, a proposta de planificación hidrolóxica da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa e as súas revisións.

f) Exercer a potestade sancionadora das infraccións cualificadas como moi graves.

g) Adoptar, legal ou regulamentariamente, como corresponda, os acordos relativos a actos de disposición sobre bens do patrimonio de Augas de Galicia, así como emitir informe e propoñer os actos de desafectación dos bens de dominio público hidráulico; todo iso dentro do que determine a lexislación de patrimonio aplicable.

h) Declarar as masas subterráneas en risco de non acadaren o bo estado e establecer os perímetros de protección.

i) Aprobar a proposta de relación de postos de traballo do persoal ao servizo da entidade Augas de Galicia.

j) Cantas outras funcións que legal ou regulamentariamente se lle atribúan.

2. O Consello Reitor actúa igualmente como Consello da Auga da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa, para os efectos previstos na normativa xeral vixente en materia de augas.

### **Artigo 10. Réxime de funcionamento.**

1. O pleno do Consello Reitor reunirase alomenos dúas veces ao ano, logo de convocatoria da súa Presidencia, por iniciativa propia ou dun terzo dos seus membros.

2. O funcionamento do Consello rexerese pola normativa establecida para os órganos colexiados da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### Sección 4.<sup>a</sup> O Consello para o Uso Sustentable da Auga

### **Artigo 11. Composición do Consello para o Uso Sustentable da Auga.**

1. Corresponde á Presidencia de Augas de Galicia presidir o Consello para o Uso Sustentable da Auga. A persoa titular da Dirección de Augas de Galicia desempeña a Vicepresidencia do Consello.

2. Integran o Consello para o Uso Sustentable da Auga os/as seguintes vogais:

a) As persoas titulares dos seguintes órganos e entidades da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas: a Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, a Axencia Galega de Infraestruturas e a Dirección Xeral de Conservación da Natureza.

b) As persoas titulares dos seguintes órganos e entidades pertencentes á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia: a Dirección Xeral de Administración Local e a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza; a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, da Consellería de Economía e Industria; a



Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes, a Secretaría Xeral do Mar e a Presidencia de Portos de Galicia, da Consellería do Medio Rural e do Mar; a Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública, da Consellería de Sanidade.

c) Unha persoa representante de cada unha das confederacións hidrográficas con competencias no territorio de Galicia.

d) Unha persoa representante da Demarcación de Costas do Estado en Galicia.

e) Cinco persoas representantes das administracións locais competentes, propostas pola Federación Galega de Municipios e Provincias.

f) Tres persoas representantes das organizacións non oubernamentais de carácter ambiental máis representativas de Galicia, propostas por elas e escollidas atendendo ao seu número de afiliados na Comunidade Autónoma de Galicia.

g) Tres persoas representantes das organizacións sindicais con máis implantación en Galicia, propostas por elas.

Así mesmo, tamén terán representación neste consello aquelas organizacións sindicais que estean presentes na Mesa Xeral de Negociación das Administracións Públicas, cunha persoa representante por cada unha delas, agás que xa teñan representación neste en atención ao criterio sinalado no parágrafo anterior.

h) Dúas persoas representantes das organizacións empresariais intersectoriais máis representativas de Galicia, propostas por elas.

i) Tres persoas representantes das universidades públicas de Galicia, propostas por elas.

j) Dúas persoas representantes das entidades de abastecemento de auga, propostas polas súas asociacións máis representativas.

k) Catro persoas representantes dos/das usuarios/as industriais da auga, dos cales dous corresponderán aos aproveitamentos hidroeléctricos, propostas polas súas asociacións e organizacións máis representativas.

l) Dúas persoas representantes dos/das usuarios/as agrícolas e gandeiros da auga que formen parte do Consello Agrario de Galicia.

m) Unha persoa representante dos/das usuarios/as forestais que forme parte do Consello Forestal de Galicia.

n) Dúas persoas representantes das asociacións de consumidores/as e dos/das usuarios/as máis representativas, propostas por elas.

o) Unha persoa representante das asociacións de veciños, proposta entre as máis representativas, atendendo ao seu ámbito de actuación e ao seu número de afiliados.



p) Unha persoa representante das comunidades dos/das usuarios/as legalmente constituídas, proposta pola asociación máis representativa deles ou, no seu defecto, pola Dirección de Augas de Galicia.

q) Dúas persoas expertas na materia, propostas pola persoa titular da consellería competente en materia de augas.

Nomearase unha persoa suplente dos/as vogais titulares pertencente ao órgano ou entidade que represente para os casos de ausencia, enfermidade ou calquera outra causa xustificada.

3. As vogalías do Consello serán nomeadas pola persoa titular da consellería competente en materia de augas, por proposta das entidades, organizacións e asociacións mencionadas na alínea anterior por un período de dous anos prorrogables automaticamente por outros dous, agás que as ditas entidades, organizacións e asociacións manifesten o contrario.

As persoas integrantes do Consello para o Uso Sustentable da Auga non recibirán indemnización ningunha pola pertenza ao dito consello con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia.

4. Exerce a secretaría do Consello para o Uso Sustentable da Auga a persoa titular da secretaría do Consello Reitor.

Decreto 1/2015, do 15 de xaneiro.

Artigo modificado: Artigo 11 apartado apartado 1 nova redacción por disposición derradeira primeira apartado 1, apartado 2 nova redacción por disposición derradeira primeira apartado 2 e apartado 3 parágrafo segundo engadido por disposición derradeira primeira apartado 3.

## **Artigo 12. Funcións.**

O Consello para o Uso Sustentable da Auga exerce as funcións que lle atribúe o artigo 16.4 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.

## **Artigo 13. Réxime de funcionamento.**

1. O Consello para o Uso Sustentable da Auga reunirase polo menos dúas veces ao ano, logo de convocatoria da súa Presidencia, por iniciativa propia ou dun terzo dos seus membros.

2. O funcionamento do Consello rexerese polas súas normas de réxime interno e, supletoriamente, pola normativa establecida para os órganos colexiados da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

## Sección 5.<sup>a</sup> A Dirección



#### **Artigo 14. Nomeamento e rango.**

1. A Dirección da entidade será nomeada e separada, de acordo co artigo 65.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, polo Consello da Xunta, por proposta da persoa titular da consellería competente en materia de augas, entre persoas que reúnan os requisitos de solvencia académica, profesional, técnica ou científica necesarios para o exercicio do cargo, e de acreditada experiencia.

2. A Dirección terá a consideración de alto cargo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia con rango de dirección xeral.

#### **Artigo 15. Funcións.**

1. A persoa titular da dirección é responsable da xestión ordinaria da entidade e exerce as competencias inherentes á dita dirección, así como as que expresamente se lle atribúen na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, de acordo co seu artigo 65.3, e no artigo 15.3 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, e as que lle delegue o Consello Reitor.

2. Igualmente corresponderalle á Dirección decidir nos conflitos de atribucións, positivos ou negativos, que poidan suscitarse entre os órganos que dela dependen.

#### **Artigo 16. Estrutura administrativa da Dirección.**

1. Da Dirección de Augas de Galicia dependen as áreas de Servizos e Apoio Xurídico, de Xestión do Dominio Público Hidráulico, de Réxime Económico-Financeiro e a Área Técnica.

2. Así mesmo, da Dirección dependerá o órgano administrativo encargado da preparación e tramitación da contratación pública da entidade.

3. O Consello Reitor aprobará a proposta de relación de postos de traballo e acordará a súa elevación para a aprobación polo Consello da Xunta de Galicia.

4. Corresponde á Presidencia de Augas de Galicia o nomeamento, de entre o persoal funcionario e/ou laboral, dos responsables dos órganos administrativos que a relación de postos de traballo da entidade reserve para a súa cobertura polo sistema de libre designación.

5. A estrutura administrativa da entidade pública empresarial Augas de Galicia de nivel inferior ás áreas regularase mediante decreto, que entrará en vigor coa aprobación da relación de postos de traballo.

#### **16 bis. A Xerencia**

1. De acordo co previsto no artigo 65.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a Xerencia da entidade será nomeada e separada polo Consello Reitor, por proposta da persoa titular da súa presidencia, de entre persoal funcionario ou persoal laboral da Xunta de Galicia ou das entidades



do sector público autonómico que reúnan os requisitos de solvencia académica, profesional, técnica ou científica necesarios para o exercicio do cargo e de acreditada experiencia.

2. A xerencia, cargo asimilado á Secretaría Xeral prevista no artigo 65.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, terá retribucións equivalentes a un posto de subdirector xeral e será nomeado polo procedemento establecido na normativa vixente en materia de función pública.

3. Son funcións da Xerencia:

- a) Coordinar, baixo a súa dependencia directa, a área técnica da entidade.
- b) Coordinar a contratación pública da entidade, a través dos correspondentes órganos.
- c) Coordinar, baixo a dirección da Dirección da entidade, as restantes áreas desta.
- d) Coordinar e inspeccionar os órganos e unidades da entidade, ditar as disposicións, as instrucións e as circulares de funcionamento e comunicación entre os distintos órganos desta, así como supervisar os procedementos de xestión da entidade.
- e) Elaborar os informes que lle solicite o director xeral.
- f) Substituír ao director xeral nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

Decreto 167/2015, do 13 de novembro.

Artigo engadido:Artigo 16 bis engadido por disposición derradeira segunda.

## **Artigo 17. Área Técnica.**

Corresponde á Área Técnica:

A. En materia de planificación:

- a) As actuacións necesarias para a implantación das directivas comunitarias e a normativa estatal, así como a coordinación co Plan Hidrolóxico Nacional.
- b) A elaboración de estatísticas e mantemento de bases de datos en relación cos usos da auga e o seguimento do cumprimento dos obxectivos fixados nas directivas comunitarias, en particular en materia de saneamento e protección das augas.
- c) O establecemento das directrices para a elaboración, seguimento e revisión do Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia Costa, incluíndo o apoio aos procesos de información e participación pública.





- d) A participación na elaboración e seguimento da execución dos plans hidrolóxicos das demarcacións hidrográficas competencia da Administración xeral do Estado cuxo ámbito territorial afecte a Galicia.
- e) A elaboración, seguimento e actualización dos plans xerais e de zona de abastecemento e saneamento conforme o regulado no artigo 34 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.
- f) A emisión dos informes de compatibilidade coa planificación hidrolóxica das solicitudes de concesións e autorizacións de bens do dominio público hidráulico.
- g) A emisión dos informes sobre os instrumentos territoriais e urbanísticos en canto afecten as competencias de Augas de Galicia, todo isto de conformidade co regulado no artigo 39 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.
- h) A elaboración dos plans de seca e dos plans de xestión de risco por asolagamento, a coordinación dos plans de emerxencia dos abastecementos urbanos coa obriga de emitir informe sobre eles e a execución de actuacións en situacións extraordinarias.
- i) Cantos outros procedementos se refiran á planificación hidrolóxica e non estean atribuídos a outro órgano dependente da Dirección da entidade.

## B. En materia de infraestruturas hidráulicas:

- a) A programación de actuacións e obras necesarias para a execución da planificación.
- b) A elaboración de estudos, proxectos, dirección, inspección e execución das infraestruturas hidráulicas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) A supervisión de proxectos e anteprojectos e a elaboración de pregos técnicos administrativos para actuacións promovidas pola entidade.
- d) A dirección das explotacións das infraestruturas hidráulicas de abastecemento en alta, saneamento e depuración xestionadas por Augas de Galicia, así como a súa inspección, vixilancia e control e a elaboración dos pregos e documentación técnica necesaria para as actuacións promovidas pola entidade nesta materia.
- e) A programación e elaboración de estudos, informes, proxectos, dirección, inspección e execución de obras nas instalacións de depuración xestionadas por Augas de Galicia.
- f) A programación, establecemento e seguimento da asunción da xestión das instalacións de depuración de augas residuais competencia das entidades locais á Xunta de Galicia, e a colaboración con elas para o control das verteduras ás redes de colectores do sistema de saneamento.
- g) A realización da análise e control das verteduras procedentes das instalacións de depuración xestionadas por Augas de Galicia.



- h) A inspección dos sistemas de saneamento asociados ás instalacións de depuración xestionadas por Augas de Galicia.
- i) A realización das actuacións necesarias, incluídas as relativas á expropiación forzosa que corresponda, e seguimento técnico-administrativo para a execución dos proxectos de obras e infraestruturas hidráulicas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.
- j) O exercicio das funcións necesarias para a realización das obras de competencia das entidades locais que sexan executadas por Augas de Galicia.
- k) A ordenación dos servizos de abastecemento e saneamento en alta e depuración de competencia de Augas de Galicia e dos instrumentos de coordinación dos servizos de abastecemento e saneamento de competencia das entidades locais.
- l) A explotación das infraestruturas hidráulicas de regulación de titularidade de Augas de Galicia.
- m) As competencias establecidas na normativa xeral en materia de augas relativas á seguridade de presas, encoros e balsas que correspondan a Augas de Galicia.
- n) O seguimento e control técnico de infraestruturas hidráulicas que non sexan de titularidade de Augas de Galicia.
- ñ) A programación e execución das actuacións de conservación e rexeneración das ribeiras e canles públicas, así como das zonas de servidume e policía das augas da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa.
- o) A redacción e revisión de normativa técnica aplicable ao deseño, construción e explotación de obras hidráulicas por parte da Administración hidráulica de Galicia, así como a proposta á Dirección para a súa aprobación polo Consello Reitor.
- p) Cantas outras funcións estean relacionadas coa proxección, construción e explotación de infraestruturas hidráulicas e non estean atribuídas a outro órgano dependente da Dirección da entidade.

#### C. Noutras materias:

- a) A programación, xestión e seguimento das partidas do orzamento de gastos da entidade relativas a investimentos e transferencias de capital.
- b) A promoción da investigación e da produción científica.
- c) As funcións que deba desenvolver Augas de Galicia relativas á cooperación nacional e internacional en materia de infraestruturas hidráulicas.

Decreto 1/2015, do 15 de xaneiro.



Artigo modificado:Artigo 17 apartado B.m) nova redacción por disposición derradeira primeira apartado 4.

### **Artigo 18. Área de Servizos e Apoio Xurídico.**

1. Corresponde á Área de Servizos e Apoio Xurídico:

- a) A secretaría e a asistencia xurídica aos órganos de goberno e de participación de Augas de Galicia.
- b) A elaboración e tramitación dos anteproxectos de textos normativos que sexan encomendados á entidade polo ordenamento xurídico aplicable.
- c) A inspección xeral interna dos servizos da entidade e a asesoría en dereito desta.
- d) A xestión xeral do persoal da entidade.
- e) A xestión do Rexistro Xeral de Augas de Galicia así como as funcións de atención e información ao cidadán e o control e a supervisión dos aspectos relacionados e do réxime interior.
- f) A tramitación dos procedementos de responsabilidade patrimonial.
- g) A asistencia técnico-xurídica dos servizos do organismo e a coordinación das actuacións desenvolvidas ante os órganos parlamentarios, xudiciais e comunitarios.
- h) A xestión dos servizos informáticos.
- i) A dirección dos traballos de difusión e divulgación da actividade de Augas de Galicia.
- j) A xestión do parque móbil.
- k) A tramitación dos expedientes menores e de xestión ordinaria para o axeitado funcionamento da entidade, así como de todos aqueles procedementos administrativos semellantes aos enumerados e non atribuídos expresamente a outros órganos dependentes da Dirección.

### **Artigo 19. Área de Xestión do Dominio Público Hidráulico.**

Corresponde á Área de Xestión do Dominio Público Hidráulico:

- a) Conformar os criterios xerais de tramitación dos expedientes de autorizacións e concesións relativos ao uso e aproveitamento do dominio público hidráulico, de establecemento de servidumes de augas, e de constitución de comunidades de usuarios, que realicen os servizos territoriais de Augas de Galicia; así como a supervisión xeral das actuacións deles.
- b) Realizar e elevar para a súa resolución definitiva por parte dos órganos de goberno de Augas de Galicia, as propostas de resolución de autorizacións e concesións relativas ao dominio público



hidráulico, as de constitución de servidumes de augas e de comunidades de usuarios, así como as propias dos procedementos sancionadores incoados na materia.

c) Tramitar, ata a proposta de resolución, os procedementos relativos aos contratos de cesión de dereitos de uso da auga.

d) A proposta á Dirección de Augas de Galicia da aprobación das ordenanzas e os estatutos das comunidades de usuarios na demarcación hidrográfica de Galicia-Costa.

e) A dirección e o establecemento dos criterios xerais de despregamento e actuación da Gardarfa Fluvial de Augas de Galicia, cuxos efectivos gozan, no exercicio das súas funcións de inspección, vixilancia e control do dominio público, das prerrogativas inherentes á súa condición de autoridade pública.

f) A inspección e vixilancia das obras derivadas de concesións e autorizacións no dominio público hidráulico e marítimo-terrestre, así como das explotacións de todos os aproveitamentos de augas públicas, calquera que sexa a súa titularidade.

g) A tutela dos dereitos nacidos ao abeiro da normativa xeral de augas e dos actos administrativos ditados na súa aplicación, así como a realización das actuacións necesarias para o seu cumprimento, especialmente a execución das medidas dirixidas á restitución das cousas ou á reparación dos danos ocasionados no dominio público hidráulico ou marítimo-terrestre.

h) A xestión do rexistro de augas públicas, do rexistro de zonas protexidas, do catálogo de augas privadas e do censo de verteduras.

i) A inspección, vixilancia e control das verteduras de augas residuais na demarcación hidrográfica de Galicia-Costa, así como a tramitación, ata a proposta de resolución, dos procedementos de autorización de vertedura a dominio público e dos expedientes sancionadores que se incoen na materia no devandito ámbito territorial.

j) A análise e o control da calidade das augas, así como o seguimento dos programas de calidade da auga que se establezan.

k) A proposta de declaración de masas de auga subterránea en situación de risco e a preparación dos instrumentos conseguintes para a súa xestión.

l) O exercicio das funcións relativas á limitación no uso de zonas inundables e a realización do deslindamento de bens pertencentes ao dominio público hidráulico.

m) A xestión da estatística dos recursos, consumos e calidade das masas de auga segundo os distintos usos.

n) O establecemento de criterios para a conservación e rexeneración das ribeiras e canles públicas, así como das zonas de servidume e policía das augas da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa.



ñ) Cantos outros procedementos se refiran á xestión do dominio público hidráulico e das augas da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa e non estean atribuídos a outro órgano dependente da Dirección da entidade.

## **Artigo 20. Área Económico-Financeira.**

Corresponde á Área Económico-Financeira:

- a) A preparación do anteproxecto do programa de actuación, investimentos e financiamento anual que reflecta a planificación xeral da actividade da entidade.
- b) A tramitación das modificacións do seu orzamento de explotación ou de capital de conformidade co establecido no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.
- c) A elaboración e tramitación da documentación contable relativa aos expedientes de gasto e a elaboración, para a súa rendición, das contas e estados anuais de conformidade coa normativa que resulte aplicable.
- d) O estudo e preparación de operacións de crédito e tesouraría, a tramitación e realización de pagamentos a terceiros acredores da entidade, así como o control e xestión das contas e depósitos bancarios dos cales é titular Augas de Galicia.
- e) A xestión, liquidación, inspección e recadación dos tributos e demais ingresos de calquera natureza da entidade, incluída a súa contabilización e propostas de modificación normativa, agás as competencias normativas, inspectoras e de recadación que lle correspondan á Consellería de Facenda.
- f) Realizar e elevar para a súa resolución definitiva polos órganos de goberno de Augas de Galicia, as propostas de resolución das solicitudes de aprazamento ou fraccionamento en vía voluntaria dos ingresos que consonte a súa normativa, xestione Augas de Galicia.
- g) A xestión contable mensual da nómina do persoal da entidade e o cumprimento das obrigas coa Seguridade Social e coa Axencia Estatal de Administración Tributaria derivadas daquela, así como a realización das oportunas declaracións fiscais anuais.
- h) A tramitación de procedementos de modificacións do Fondo de Compensación Interterritorial, e o control e a execución dos fondos finalistas en coordinación co órgano competente nesta materia da consellería competente en materia de facenda.
- i) A realización da documentación de contido económico que deba achegarse como consecuencia das auditorías ou controis a que se someta a Augas de Galicia polos correspondentes órganos de control da súa actividade con carácter previo ou posterior.
- j) A administración do patrimonio.



k) Todas as demais funcións de carácter económico ou financeiro que non estean atribuídas a outro órgano dependente da Dirección da entidade.

## Sección 6.<sup>a</sup> Comisións de Desaugamento

### **Artigo 21. Composición e funcións das Comisións de Desaugamento.**

1. Por cada unha das zonas hidrográficas indicadas nas letras a), b) e c) da primeira alínea do artigo 24, existirá unha comisión de desaugamento coa función de deliberar e formular propostas á Dirección sobre o réxime adecuado de enchedura e baleirado dos encoros e acuíferos da demarcación hidrográfica de Galicia Costa, atendidos os dereitos dos distintos usuarios.

2. Formarán parte das comisións de desaugamento:

a) O xefe da Área Técnica de Augas de Galicia, que actuará como presidente da comisión, agás que asista á reunión a persoa que exerza a dirección da entidade, que neste caso asumirá a presidencia.

b) Ata tres membros do persoal técnico de Augas de Galicia, designados pola persoa titular da Dirección da entidade e que asistirán con voz e sen voto.

c) Os representantes dos usuarios afectados, designados segundo prevé o número 5.

3. Poderán asistir ás reunións das comisións de desaugamento, con voz e sen voto, dous representantes da consellería con competencias en materia de augas, un representante das consellerías con competencias en materia de industria e pesca, así como un representante da consellería con competencias en materia de protección civil.

4. Actuará como secretario, con voz e sen voto, de cada comisión de desaugamento, un licenciado en dereito nomeado para o efecto pola persoa titular da Dirección da entidade de entre o persoal da Área de Servizos e Apoio Xurídico de Augas de Galicia.

5. Nas comisións de desaugamento estarán representados os usuarios afectados con dereitos inscritos ou en trámite de inscrición no Rexistro de Augas. Esta representación articularase como segue:

a) Por cada municipio, mancomunidade de municipios, consorcio, área metropolitana ou entidade subministradora titular de concesións de abastecemento de auga con poboación abastecida superior a cen mil habitantes, un/unha representante.

b) Pola agrupación única do resto de municipios abastecidos, un representante por cada cen mil habitantes ou fracción, ata un máximo de dous.



- c) Un/unha representante por cada Administración ou institución pública titular de grandes encoros, de acordo coa definición de gran encoro prevista na normativa xeral en materia de augas.
- d) Nos usos agrícolas de rega que utilicen augas superficiais pola agrupación de todas as comunidades de regadores e regadores individuais, un/unha representante, elixido entre eles.
- e) Cada empresa produtora de enerxía eléctrica con potencia hidroeléctrica instalada superior a 100.000 kVA designará un/unha representante.
- f) Polo resto de aproveitamentos non incluídos entre os anteriores, e en representación de intereses non específicos, a persoa titular da Dirección de Augas de Galicia poderá designar ata dous/dúas representantes máis.
- g) Garantirase, en todo caso, a representación individual ou colectiva das entidades públicas ou privadas que teñan algún dereito específico sobre o encoro de que se trate, en caso de non se incluír nos supostos das letras precedentes.

6. A persoa titular da Dirección de Augas de Galicia ordenará as actuacións de encoramento e desaugamento de encoros, ou outras actuacións encamiñadas a evitar riscos ou a lograr o aproveitamento máis racional da auga de conformidade coas propostas que formulen as comisións de desaugamento por maioría de dous terzos dos seus membros. No caso de non acadarse esa maioría, correspóndelle á persoa titular da Dirección a adopción da resolución que xulgue máis axeitada á vista dos antecedentes e das deliberacións da comisión.

### **Artigo 22. Réxime de funcionamento das Comisións de Desaugamento.**

A comisión celebrará sesións ordinarias dúas veces ao ano, unha no outono e outra na primavera, sen prexuízo daquelas outras sesións extraordinarias que se celebren para o cumprimento das funcións establecidas na alínea primeira do artigo anterior.

### **Artigo 23. Comité Técnico.**

En casos de precipitacións extraordinarias, inundacións ou calquera outra circunstancia de carácter excepcional, constituirase inmediatamente no seo de Augas de Galicia e designado pola persoa titular da Dirección da entidade, un comité técnico en que se integrarán o xefe da Área Técnica, o xefe da Área de Xestión do Dominio Público Hidráulico, a persoa titular do órgano directivo da Administración autonómica competente en materia de protección civil, e os técnicos encargados de dirixir a explotación dos encoros afectados. O devandito comité poderá adoptar as determinacións que crea oportunas e tamén ordenar operacións de encoramento ou desaugamento de encoros extraordinarias, sen que se precise reunir previamente as comisións de desaugamento respectivas, que serán informadas, non obstante, coa máxima urxencia das medidas adoptadas.

## Sección 7.<sup>a</sup> Organización territorial





## Artigo 24. Servizos territoriais, número e sede.

1. O territorio de Galicia queda dividido nas zonas hidrográficas que se indican de seguido, incluíndose as correspondentes augas costeiras e de transición:

a) Zona Hidrográfica de Galicia-Norte, con sede na cidade da Coruña, que abrangue: as bacías dos ríos intracomunitarios vertentes ao mar Cantábrico, e as do océano Atlántico ata a bacía do río Grande, esta incluída.

b) Zona Hidrográfica de Galicia-Centro, con sede na cidade de Santiago de Compostela, que abrangue: as bacías dos ríos intracomunitarios vertentes ao océano Atlántico, entre a Zona Hidrográfica de Galicia-Norte e ata a bacía do río Ulla, esta incluída.

c) Zona Hidrográfica de Galicia-Sur, con sede na cidade de Vigo, que abrangue: as bacías dos ríos intracomunitarios vertentes ao océano Atlántico, entre a Zona Hidrográfica de Galicia-Centro e ata a desembocadura do río Miño.

d) Nas cidades de Lugo e Ourense existirán oficinas de Augas de Galicia que exercerán as funcións que lles encomende a persoa titular da súa Dirección no ámbito das súas respectivas provincias

2. Existirán, con sede nas cidades da Coruña, Santiago de Compostela, Vigo, Lugo e Ourense, os servizos territoriais de Augas de Galicia, que dependerán da Dirección de Augas de Galicia.

3. O territorio que abrangue cada unha das zonas hidrográficas indicadas nas letras a), b) e c) do número 1 deste artigo establécese no anexo deste estatuto.

4. A persoa titular da Dirección de Augas de Galicia establecerá as adscricións dos sistemas ou subsistemas hidráulicos de explotación aos respectivos servizos territoriais, así como as funcións e servizos que lles sexan transferidos.

## Artigo 25. Competencias dos servizos territoriais.

1. Son competencias dos servizos territoriais de Augas de Galicia das zonas hidrográficas de Galicia-Norte, Galicia-Centro e Galicia-Sur, nos seus respectivos ámbitos territoriais, respectándose en todo momento o principio de unidade de xestión de bacía hidrográfica, as seguintes:

a) Representar a Augas de Galicia no seu respectivo ámbito territorial e velar polo cumprimento e correcta aplicación de todas as disposicións, instrucións e ordes que diten os órganos de goberno e administrativos da entidade.

b) A xestión do rexistro e do servizo de información ao cidadán, así como a organización e realización das tarefas ordinarias de réxime interior requiridas para o seu funcionamento.

c) A tramitación ata a proposta de resolución dos expedientes de autorizacións e concesións relativos ao uso e aproveitamento do dominio público hidráulico, agás os relativos aos aproveitamentos hidroeléctricos, de establecemento de servidumes de augas e de constitución de



comunidades de usuarios; a tramitación dos expedientes en que se require declaración responsable para determinados usos da auga.

d) A incoación, instrución e tramitación ata a fase de proposta de resolución dos procedementos sancionadores en materia de augas, coa excepción dos referidos a verteduras.

e) O seguimento da execución das obras programadas polos servizos centrais de Augas de Galicia e que lles sexan expresamente encomendadas.

f) A organización e coordinación dos efectivos da Gardaría Fluvial adscritos ao seu ámbito territorial de conformidade coas instrucións emanadas da Dirección de Augas de Galicia; o control dos aproveitamentos de augas públicas e das obras derivadas das autorizacións e concesións de dominio público hidráulico.

g) Informar e asesorar as entidades locais, mancomunidades, consorcios e empresas públicas en materias da súa competencia, e especialmente no relativo á xestión e utilización racional da auga no respectivo ámbito territorial.

h) En xeral, o desenvolvemento de cantas funcións lle sexan encomendadas pola Dirección de Augas de Galicia.

2. Son funcións dos servizos territoriais de Augas de Galicia nas cidades de Lugo e Ourense, nos seus respectivos ámbitos territoriais, respectándose en todo momento o principio de unidade de xestión de bacía hidrográfica, as seguintes:

a) A xestión do rexistro e do servizo de atención ao cidadán, así como a organización e realización das tarefas ordinarias de réxime interior requiridas para o funcionamento das dependencias propias.

b) O seguimento da execución das obras programadas polos servizos centrais de Augas de Galicia e que lles sexan expresamente encomendadas.

c) En xeral, o desenvolvemento das funcións que lle sexan encomendadas pola Dirección de Augas de Galicia.

Sección 8.<sup>a</sup> Participación en sociedades mercantís e fundacións e promoción de mancomunidades e consorcios

## **Artigo 26. Supostos de participación en sociedades mercantís e fundacións e promoción de mancomunidades e consorcios.**

1. Para o mellor cumprimento dos seus fins e cun obxecto acorde cos seus obxectivos, a entidade poderá formular proposta de creación de sociedades mercantís autonómicas ou fundacións do sector público autonómico ou participar nelas. Será requisito imprescindible a pertinente



aprobación da proposta polo Consello Reitor e o cumprimento dos trámites previstos nos artigos 104 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

2. Augas de Galicia pode propoñer a constitución de consorcios con outras administracións públicas para finalidades de interese común ou con entidades privadas sen ánimo de lucro que teñan finalidades de interese público concorrentes coas da entidade, de conformidade co disposto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

3. Augas de Galicia pode promover a constitución de mancomunidades de entes locais coa finalidade de levar a cabo actuacións en materia de augas, especialmente no que se refire ao abastecemento, o saneamento e a depuración ou, en xeral, a xestión integrada da auga.

### CAPÍTULO III Réxime xurídico do funcionamento de Augas de Galicia

#### **Artigo 27. Normativa aplicable.**

1. O réxime xurídico aplicable a Augas de Galicia comprende a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, o presente estatuto, así como as leis e disposicións xerais de aplicación ás entidades públicas empresariais de Galicia.

2. A actividade da entidade sométese con carácter xeral nas relacións xurídicas externas ao dereito privado, coas excepcións previstas nos puntos seguintes.

3. As relacións de Augas de Galicia coa consellería competente en materia de augas e cos demais entes integrantes do sector público autonómico así como os actos derivados destas relacións sométense ao dereito público.

4. Queda expresamente sometida ao dereito público a actividade de Augas de Galicia relacionada coa xestión da auga e, en particular:

a) Os actos de ordenación e xestión do Dominio Público Hidráulico e Marítimo-Terrestre.

b) Os actos ditados en exercicio da potestade sancionadora.

c) Os actos de xestión, inspección e recadación dos tributos da Comunidade Autónoma de Galicia sobre a auga e outros ingresos de dereito público.

d) O réxime de impugnación de actos e do silencio administrativo.

e) Os actos derivados das relacións da entidade con terceiros que impliquen o exercicio de potestades públicas e, en xeral, calquera acto de gravame ou beneficio que implique o exercicio desas potestades.

#### **Artigo 28. Plan de actuación.**



A actividade de Augas de Galicia desenvólvese consonte o plan anual de actuación que é aprobado pola consellería competente en materia de augas, nos termos do artigo 91 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

### **Artigo 29. Persoal.**

1. A entidade Augas de Galicia contará con persoal funcionario e persoal laboral da Xunta de Galicia. En todo caso, quédanlle reservadas ao persoal funcionario as funcións que impliquen a participación directa ou indirecta no exercicio de potestades públicas da Comunidade Autónoma de Galicia e das administracións públicas, así como aquelas que se determinen na normativa aplicable en materia de emprego público.

2. O persoal funcionario ao servizo da entidade rexeráse polo disposto na normativa reguladora da función pública e nas súas normas de desenvolvemento.

3. O persoal laboral ao servizo da entidade rexeráse polo convenio colectivo para o persoal laboral da Xunta de Galicia e pola demais normativa que resulte de aplicación ao persoal laboral da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

4. A aprobación e modificación da proposta de relación de postos de traballo será acordada polo Consello Reitor da entidade, por proposta da persoa titular da Dirección, logo do informe favorable dos centros directivos competentes en materia de orzamentos e de función pública. En todo caso, a aprobación da relación de postos de traballo con persoal funcionario e/ou laboral da Xunta de Galicia estará sometida na súa tramitación á normativa xeral establecida na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia sobre modificacións ou aprobacións destes instrumentos de planificación de persoal.

5. A selección e provisión de postos de traballo será realizada polo centro directivo competente en materia de función pública, de conformidade cos principios xerais e procedementos de selección e provisión establecidos na normativa de función pública.

6. O persoal da entidade Augas de Galicia queda sometido ao réxime xeral de incompatibilidades aplicable ao persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

### **Artigo 30. Persoal directivo.**

1. Constitúen postos que serán ocupados por persoal directivo aqueles que, de ser o caso, veñan definidos como tales na estrutura orgánica da entidade Augas de Galicia, en atención á especial responsabilidade, competencia técnica e relevancia das tarefas asignadas.

2. O persoal directivo da entidade Augas de Galicia é nomeado e separado polo Consello Reitor, por proposta motivada da persoa titular da Dirección. A súa designación atenderá a principios de mérito e capacidade e a criterios de idoneidade, e levarase a cabo mediante procedementos que garantan a publicidade e a concorrència.



3. Cando o persoal directivo da entidade Augas de Galicia teña a condición de funcionario/a, permanecerá na situación administrativa que lle corresponda segundo a normativa de función pública.

Cando o persoal directivo reúna a condición de persoal laboral estará sometido á relación laboral de carácter especial de alta dirección. Neste caso, a fixación das súas retribucións deberá contar cun informe previo favorable dos centros directivos competentes en materia de orzamentos e de función pública.

### **Artigo 31. Patrimonio e réxime económico-financeiro.**

O patrimonio, réxime contable, económico-financeiro e de intervención e control de Augas de Galicia e das entidades e outras formas asociativas que dependan dela, será o determinado con carácter xeral no disposto no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia, na Lei 5/2011, do 30 de setembro, de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, e na demais normativa de xeral aplicación.

### **Artigo 32. Réxime orzamentario.**

1. Consonte ao previsto no artigo 83.1 e 3 do texto refundido de la Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, Augas de Galicia, a través dos seus órganos competentes, elaborará e aprobará anualmente un programa de actuación, investimentos e financiamento. Igualmente, formará anualmente un orzamento de explotación, que detallará o contido da súa conta de explotación, e un orzamento de capital, no cal se especificarán as orixes e a aplicación dos seus fondos.

2. Os documentos mencionados no punto anterior serán remitidos á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da consellería competente en materia de augas, unha vez aprobados polo Consello Reitor. O orzamento de explotación e de capital integrarase no proxecto de lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para a súa aprobación polo Parlamento de Galicia, de acordo co principio de unidade de orzamento.

3. As modificacións orzamentarias seguirán o previsto no artigo 83.5 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

### **Artigo 33. Control da xestión económico-financeira.**

1. O control externo da xestión económico-financeira de Augas de Galicia correspóndelle ao Consello de Contas de Galicia, de acordo coa súa normativa específica.

2. O réxime orzamentario, económico-financeiro, de contabilidade e control da entidade pública empresarial Augas de Galicia será o establecido pola lexislación de réxime financeiro e orzamentario da Comunidade Autónoma de Galicia.



3. Sen prexuízo do control establecido no punto anterior, a entidade estará sometida a un control de eficacia no cumprimento do seu plan de actuación, que será exercido pola consellería de adscrición e que terá por finalidade a comprobación do grao de cumprimento dos obxectivos fixados e da adecuada utilización dos recursos que lles fosen asignados para a consecución destes obxectivos.

#### **Artigo 34. Recursos económicos.**

1. Os recursos económicos de Augas de Galicia están integrados por:

- a) Os ingresos, ordinarios e extraordinarios, derivados do exercicio das súas actividades.
- b) Os ingresos procedentes da recadación dos tributos en materia de augas regulados na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, así como, se for o caso, dos previstos na normativa xeral en materia de augas.
- c) A taxa por dirección e explotación de obra, de contratos de servizos, e demais taxas e prezos públicos que lle correspondan.
- d) Os ingresos que procedan do exercicio da potestade sancionadora administrativa.
- e) As indemnizacións establecidas como compensación de danos e perdas ao dominio público hidráulico e marítimo-terrestre.
- f) As asignacións que se establezan nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.
